



## **PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA NO AGRO GALEGO 2010**

**Circular 5/2009**

### **1.- OBXECTIVOS**

O obxectivo principal é o desenvolvemento de accións relativas á mellora da capacitación profesional das persoas que traballen nos sectores agrogandeiro, alimentario e forestal galego, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras.

Os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas habilidades é necesario ofrecer actividades xerais, técnicas e económicas de formación non regulada. Canto máis alto sexa o nivel de coñecemento dos agricultores e empresarios do sector agrario, máis alta será a súa produtividade laboral, e axudará a manter ou aumentar a competitividade das explotacións agrícolas e silvícolas, servindo para adecuar, por outra banda, a oferta á demanda do mercado de traballo en actividades relacionadas co medio rural galego no seu conxunto.

A capacitación profesional dos agricultores, en particular daqueles profesionais que se incorporan por primeira vez á actividade agraria, debe servir tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural. Así mesmo debe servir para que a actividade produtiva sexa compatible e respectuosa co medio natural e para que os agricultores, ademais de contar con coñecementos técnicos, se doten dunha formación económica que lles permita xestionar eficientemente as explotacións.

Polo que respecta ao sector forestal, faise necesario mellorar e racionalizar o aproveitamento dos recursos forestais a través do aumento do coñecemento e da formación dos seus propietarios ou xestores.

En definitiva, trátase de fomentar a capacitación dos traballadores dos sectores agroalimentario e forestal en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas



actividades incidindo, cando sexa preciso, na reordenación das producións, no emprego de métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do medio natural. Mediante estas accións quérese incidir de forma especial na formación dos agricultores que se incorporan á empresa agraria para que se integren no sector cun nivel suficiente de cualificación.

## **2.- TIPOS DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN**

### **2.1.- Accións formativas esixibles**

Son aquelas que teñen como obxectivo proporcionar aos profesionais do sector agroforestal e gandeiro certificados ou carnés esixibles polas distintas normativas que regulan as actividades, que, para exercelas, sexa preceptivo contar coa pertinente acreditación de formación específica, así como naqueles casos en que sexa requisito para percibir determinadas axudas públicas.

Para os efectos desta circular, considéranse que son accións formativas esixibles as seguintes:

#### **a) Cursos de Aptitude Empresarial Agraria**

É a formación requirida para poder percibir a axuda á instalación aos/ás agricultores/as mozos/as (18 a 40 anos), que se incorporan como titulares ou cotitulares a unha explotación agraria, segundo as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia sustentable das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios e de acordo co establecido no Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

No anexo II figuran as orientacións produtivas para as que se poden programar este tipo de cursos, así como os distintos módulos, tanto transversais coma específicos, que conforman os cursos. Faíse notar que ademais de cursar todos os módulos que figuran no devandito anexo, para expedir o Certificado de Aptitude Empresarial será necesario ter tamén superado o curso básico de Aplicador/Manipulador de produtos fitosanitarios.



## **b) Cursos de Aplicador/Manipulador de produtos fitosanitarios**

A regulación destes cursos, nas modalidades de Básico (mínimo 25 horas lectivas) ou Cualificado (mínimo 72 horas lectivas) figura na Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios (DOG 22/04/2009) e na Orde PRE/2922/2005 (BOE 23/09/2005). Á duración destas horas poderáselle engadir a proba de avaliación, 2 horas no básico e 3 horas no cualificado.

As prácticas dos cursos do persoal cualificado serán impartidos exclusivamente no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo (A Coruña).

## **c) Cursos de Benestar Animal**

Regulados no Decreto 60/2007, do 22 de maio (DOG do 4 de abril de 2007).

## **d) Cursos de Producción Integrada**

Regulados pola Orde do 30 de maio de 2005 (DOG do 20 de xuño de 2005).

## **e) Cursos de formación do persoal técnico de entidades de aconsellamento, xestión e substitución**

Esixidos polo Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias (DOG do 18 de decembro de 2007).

## **f) Cursos de formación de silvicultores beneficiarios de determinadas axudas**

Orde do 20 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para o fomento das frondosas caducifolias e se convocan para o exercicio orzamentario 2009; Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.



### **g) Cursos de formación de tomadores de mostras de leite nas explotacións**

Esixidos polo Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro (BOE do 17 de xaneiro de 2008 )

### **h) Cursos de formación para o persoal de centros de cría, subministradores e usuarios en materia de protección de animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos.**

Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección de animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro de centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación (DOG do 16 de xaneiro de 2009 ).

### **i) Cursos complementarios aos de Aptitude empresarial agraria, que poidan dar resposta á demanda de formación nas diferentes orientacións produtivas, e en concreto naquelas minoritarias.**

A programación dos cursos correspondentes farase en coordinación coas necesidades das direccións da Consellería do Medio Rural afectadas.

## **2.2.- Outras accións formativas**

Ademais dos cursos esixibles sinalados no apartado anterior pódense programar diferentes tipos de actividades de formación, de temática e de duración variable, que incluírán:

- Cursos de carácter continuo de 20, 30, 40 ou 60 horas.
- Cursos descontinuos dun mínimo de 60 horas.
- Xornadas técnicas, de duración inferior a 20 horas.
- Talleres de prácticas dirixidos a agricultores e silvicultores.
- Elaboración de material didáctico. (\*)

(\*) A edición do material elaborado correrá a cargo da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.



A temática dos cursos estará preferentemente relacionada coa mellora da produtividade nos sistemas agrogandeiro e forestal, incluídas as producións silvopastorais, os métodos de produción agrícola compatibles co mantemento do medio natural, a xestión técnico-económica das explotacións, a formación en novas tecnoloxías, incluídas as de información e comunicación e a divulgación dos resultados da investigación e experimentación.

### **3.- EXECUCIÓN DO PLAN**

Este plan de formación continua levarase a cabo, dentro do marco da medida 1.1.1. incluída no Eixe 1 do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013, a través de:

- Servizos centrais da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica.
- Centros de formación e experimentación agroforestal.
- Servizos agrarios e servizos de gandería, na súa estrutura de área e comarcal.
- Centros de investigación da Consellería do Medio Rural e centros tecnolóxicos participados por ela.
- Outras unidades da Consellería do Medio Rural.

### **4.- CERTIFICADOS, AVALIACIÓN E CONTROL DE ASISTENCIA**

As accións formativas esixibles rematarán coa expedición por parte da Consellería do Medio Rural dun certificado con aproveitamento que acredite a capacitación profesional agroforestal acadada ou coa expedición do carné de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios na modalidade cursada.

As restantes accións poderán finalizar coa expedición dun certificado de asistencia.

Todas as accións formativas esixibles terán unha proba de avaliación elaborada conxuntamente polo/a coordinador/a do curso e polos profesores/as participantes. Tamén se realizará un control de asistencia mediante un parte diario de sinaturas dos asistentes.



Nos cursos de Aplicador/Manipulador de Produtos Fitosanitarios será preciso acreditar o 100% das horas lectivas. Nos demais casos será preciso acreditar unha asistencia mínima do 90% das horas de duración do curso para acadar a certificación ou carné.

## **5.- DESTINATARIOS**

Poderán ser destinatarios destas accións formativas os titulares e familiares que traballen na explotación agraria, os traballadores agrícolas por conta allea, socios e empregados de asociacións e sociedades agrarias con personalidade xurídica, os mozos/as que desexen incorporarse ao sector como agricultores/as autónomos/as ou continuar a súa formación nas ensinanzas agrarias e, en xeral, persoas que desenvolven profesionalmente actividades relacionadas coa agricultura, gandaría ou silvicultura, e a transformación e comercialización dos seus produtos, incluído o persoal técnico.

En caso de que o número de solicitantes dunha acción formativa dirixida a agricultores ou silvicultores excedese das prazas dispoñibles, será de aplicación o seguinte criterio de prioridade:

1. Mozos e mozas que pretendan instalarse ou recentemente incorporados ao sector.
2. Titulares de explotacións.
3. Familiares que traballen na explotación agraria.
4. Situación de desemprego.
5. Ser traballador asalariado do sector agrario.
6. Estar relacionada a súa actividade co tema do curso.

No caso dos cursos de incorporación á empresa agraria, o criterio de selección será a orde de entrada de solicitudes de inscrición na acción formativa nas dependencias da entidade impartidora. Este será o criterio que rexerá tamén para o caso de accións formativas dirixidas a persoal técnico, agás que se diten normas específicas ao respecto en cada convocatoria concreta.

En todos os casos, a igualdade de méritos, terá preferencia o sexo feminino sobre o masculino.



## **6.- PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS, PRAZO E COMUNICACIÓN DA ACEPTACIÓN**

Cada unidade solicitante deberá realizar unha proposta para cada acción formativa utilizando o impreso Anexo I Solicitud de Accions Formativas e cubrirá igualmente un cadro resumo das proposta (Anexo III) onde quedará reflectida a totalidade das accións formativas solicitadas para o ano 2010 por esa unidade.

As solicitudes deberán enviarse obrigatoriamente por correo electrónico a [dxiiiaf@xunta.es](mailto:dxiiiaf@xunta.es) con **data límite o 1 de febreiro de 2010**, enviando igualmente as solicitudes en soporte papel ao Servizo de Formación Agroforestal, con enderezo na rúa Fontiñas 31, 15703 Santiago de Compostela ( A Coruña ) pertencente á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

Unha vez avaliadas, comunicárase aos solicitantes a relación de accións formativas aprobadas e as instrucións para a súa correcta xestión e xustificación. Non se aprobará ningunha proposta da que non se teña recibido a documentación, debidamente cuberta, na data fixada.

Os anexos poderán ser descargados da páxina web da Consellaría do Medio Rural no seguinte enderezo:

**[http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion e formacion/centros de formacion/formacion continua/](http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/centros_de_formacion/formacion_continua/)**.

Este sitio web será o lugar de referencia para os efectos de avisos, notas metodolóxicas e descarga da documentación relativa ao plan anual de formación continua.

## **7.- SELECCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS**

Unha Comisión de Selección avaliará as solicitudes presentadas ao abeiro da presente circular. A dita comisión estará formada polo xefe do servizo de Formación Agroforestal, que actuará como presidente, o xefe do servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións, que actuará como vogal, outro vogal técnico designado para o efecto, e un funcionario da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica, que actuará



como secretario. Para a selección das propostas, a Comisión de Selección favorecerá a coordinación coa Dirección Xeral da que dependa a unidade solicitante da acción formativa, para conseguir unha boa utilización dos medios propios, acorde coas tarefas que desempeñen.

A Comisión de Selección avaliará as propostas de acordo coas seguintes prioridades:

a) Na selección dos proxectos formativos propostos por entidades da Consellería do Medio Rural terán prioridade os de formación esixible.

b) O resto das accións formativas serán avaliadas en función dos seguintes criterios:

<b>CRITERIO</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
I) Calidade do programa da acción formativa segundo protocolo (anexo I)	Ata 5 puntos
<p>II) Temática da acción formativa:</p> <p>Valoraranse con 5 puntos as solicitudes que traten das seguintes temáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Agricultura ecolóxica</li> <li>- Aplicación de técnicas de produción respectuosas co medio natural</li> </ul> <p>Valoraranse con 3 puntos as solicitudes que traten das seguintes temáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producción, transformación ou comercialización de produtos de calidade diferenciada</li> <li>- Silvicultura de frondosas caducifolias</li> <li>- Aproveitamento silvopastoril do monte</li> <li>- Asesoramento ás explotacións, incluído o técnico-económico</li> <li>- Incorporación de novas tecnoloxías de información e comunicación ás explotacións</li> <li>- Enerxías renovables e aforro enerxético na agricultura</li> <li>- Adaptación dos procesos produtivos ás esixencias dos mercados e da PAC</li> </ul> <p>Valoraranse con 1 punto as restantes temáticas presentadas</p>	Ata 5 puntos

A aceptación ou non das propostas estará condicionada pola existencia de crédito dispoñible para estas actividades.



## **8.- RECOMENDACIÓNS DE CARÁCTER METODOLÓXICO**

En canto á distribución das horas lectivas, recoméndase que as sesións formativas de contido teórico non sexan superiores ás 6 horas diarias cando a actividade se desenvolva durante unha xornada completa, e de 3 horas diarias cando a duración sexa de media xornada.

Cando se programen cursos descontínuos cuxa temática se oriente á mellora da xestión das explotacións, recoméndase aplicar a metodoloxía de “discusión en grupo” sobre os datos técnico-económicos das explotacións das persoas participantes.

Cando a temática da acción formativa descontínua non sexa a indicada no apartado anterior, recoméndase a programación de xornadas en lugar de cursos de longa duración.

## **9.- CONTIDOS AMBIENTAIS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS**

Todos os cursos do Plan de Formación Continua referentes a outros temas, e con máis de 30 horas de duración, incluírán na súa programación, polo menos, un 10 % da súa actividade docente a temas referidos ao medio natural no sector agroforestal.

## **10.- FINANCIAMENTO**

As actividades contempladas nesta circular serán imputadas á aplicación 13.04.422L.640.1, divulgación e transferencia tecnolóxica, cofinanciada por FEADER.

A dotación económica de cada acción formativa axustarase ao baremo que se especifica a continuación. Unicamente en casos excepcionais, debidamente motivados, a Comisión de Selección poderá incrementar as cantidades solicitadas ata un máximo dun 25 %, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

a) Cursos. A contía dos gastos imputables ao curso non poderá exceder das cantidades que figuran no seguinte cadro.



Tipo de gasto	Duración do curso (horas)										
	10	20	25	27	30	40	60	75	140	200	250
Profesorado (€/hora)	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Coordinación técnica (€)	60	60	75	75	90	120	180	216	375	700	750
Coordinación administrativa (€)	20	20	25	25	35	45	60	72	140	200	250
Gastos xerais (€/alumno)	25	25	32	29*	38	50	75	90	200	313	313

b) Outras accións formativas. A contía dos gastos imputables ao curso non poderá exceder das cantidades que figuran no seguinte cadro, debendo ser detallados no protocolo da solicitude.

ACCIÓN FORMATIVA	CONTÍA MÁXIMA
Xornadas técnicas	Ata 2.000 €
Talleres didácticos	Ata 1.000 €
Material didáctico	Ata 2.000 €

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009

A directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais



Alejandro Álvarez de Mon Rego